

Bases do IV Torneo de Xadrez Concello da Baña

Valedeiro para o IX Circuíto Intercomarcal de xadrez Deputación da Coruña 2025

Data: sábado 7 de xuño de 2025.

Local de xogo: polideportivo municipal da Baña, rúa do Colexio s/n A Baña.

Sistema de xogo: suízo a 7-8 rondas dependendo do número de xogadores.

Ritmo de xogo: 10 minutos + 3" incremento por xogada.

Horario de xogo: 15:45 presentación, 16:00 1ª rolda, clausura sobre as 21:00 horas.

Emparellamentos: realizaranse mediante programa informático, non se admitirán reclamacións agás erros na introdución de resultados antes da seguinte rolda.

Participantes: o torneo será válido para ELO FIDE de xadrez rápido, hai que estar federado. A organización pode federar e resérvase o dereito de admisión.

Inscripcións: no email torneos@galichess.com ou no **617234393** ata venres 6 de xuño. Prezos: xeral 10€, sub-16 7€, locais 5€, con pago anticipado ingresando na conta de Caixabank ES15 2100 5097 2002 0012 6301, ou por Bizum o 617234393 indicando nome e apelidos e inscrición torneo. Os pagamentos efectuados o propio día do torneo levarán un recargo de 2€.

Desempates: 1º Encontro Directo (DE), 2ª Bucholz corte -1* (BH-C1), 3ª Bucholz Total* (BH), 4º Media de Elo dos rivais -1** (ARO-C1).

* Nas partidas non disputadas aplicarase a modalidade Bakú 2023 da FIDE tanto para o cálculo dos rivais como do propio xogador. ** Para os xogadores sen Elo considerarase un Elo de 1400.

Tempo de espera: ata a caída da bandeira. Un xogador que non compareza á partida sen causa xustificada será eliminado do torneo.

Premios (en euros): total 700€ (Pagaranse por transferencia bancaria)

Xeral:	Especiais:	Locais:
1º 120€ + trofeo	1º sub-2000:15€	1º 20€ + trofeo
2º 100€ + trofeo	1º sub-1600:15€	2º 10€ + trofeo
3º 80€ + trofeo	1º Veterano:15€	3º trofeo
4º 70€	1º feminina: 15€	
5º 60€	1º sub-18: 15€	
6º 50€	1º sub-16: trofeo	
7º 40€	1º sub-14: trofeo	
8º 30€	1º sub-12: trofeo	
9º 25€	1º sub-10: trofeo	
10º 20€	1ª sub-8: trofeo	

Sorteo dun cheque regalo de Gadis ou cesta de Frutas Fondo entre os non premiados. É obrigatoria a presenza na clausura para recoller o premio. Os premios non son acumulables e repartiranse por rigorosa orde de clasificación; no caso de optar a dous (2) levarase o de maior cuantía e, se son iguais, seguirase a orde xeral.

Regras de xogo: Aplicarase o especificado no apéndice A4 das leis de xadrez da FIDE para xadrez rápido (partidas sen supervisión axeitada). Para o non especificado

nestas bases aplicarase o regulamento da FIDE. A inscrición no torneo supón a aceptación destas bases e a autorización dos participantes para publicar os seus datos persoais ou fotografías nos diversos medios de comunicación que a organización considere oportuno de cara á difusión do evento (resultados, listaxes, clasificacións, partidas, fotos, etc.). A organización reservase o dereito de admisión e o dereito de rectificar ou modificar estas bases ou cancelar o torneo sen mais aviso que a súa publicación na páxina web oficial www.galichess.com

Sabes onde xantar? Fai a túa reserva

Restaurante O Arranca: Lg. Cruceiro, s/n - Ordoeste 981 894 006 / 677 222 986 De 13:00 h a 16:00 h.

Parrillada Begomar: Corneira, s/n - Corneira 981 894 463 / 618 909 164 De 13:00 h a 16:00 h.

Casa Salvador: Seoane, 23 981 886 244 / 679 214 334 De 13:00 h a 15:30 h.

Parrillada O Val de Barcala: Lugar Moldes, 5 - BARCALA 981 886 155 / 658 063 922 De 13:00 h a 15:30 h.